

## ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

### ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos  
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS (está nun curso)  
Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE  
Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA  
Marcos Estévez Orge (CCOO)  
Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO  
María Fariza Novoa (CCOO)  
José Santiago Santos García (UXT)  
Xoan Cebro Rodríguez (CIG)

Acta da reunión celebrada ás 12:45 horas do día 20 de maio de 2011, na sala de xuntas nº 1 do Edificio Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta do 18.10.10
2. Informe sobre creación dunha praza de TE apoio FIE, fora da RPT laboral
3. Informe sobre creación dunha praza de TM apoio FIE, fora da RPT laboral
4. Informe sobre creación dunha praza de TS apoio FIE, fora da RPT laboral
5. Informes xustificativos de contratacións temporais fora de RPT do ano 2011
6. Rogos e preguntas.

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DO 18 DE OUTUBRO DE 2010.

Apróbase a acta por unanimidade coa modificación no punto 2.4 seguinte: “A diferenza soamente é na xornada, que neste caso, é de mañá e de tarde, e *que afecta* en futuros procesos de concursos de traslados.”

### 2. INFORME SOBRE CREACIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO ESPECIALISTA DE APOIO AO PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, FORA DA RPT LABORAL.

O Vicexerente de Recursos Humanos expón que os puntos 2, 3 e 4 da orde do día vanse tratar conxuntamente. Como prometera na reunión do 6 de maio na Comisión de Seguimento do acordo de selección temporal, achegou, xunto coa convocatoria desta reunión, os informes que avalan a creación de 3 prazas na área de Innovación Educativa, un técnico superior e un técnico especialista para o campus de Vigo e un técnico medio para o campus de Ourense. No mesmo se expresan as necesidades e actividades a desenvolver. Os contratos resultantes dos procesos serían por obra o servizo por tempo de 3 anos máximo, durante o período de vixencia dos contratos avaliariase se son prazas necesarias para incorporalas á RPT de laborais.

Despois de intervencións sucesivas dos representantes sindicais, a parte social expón que este non é o foro onde tratar a creación de 3 prazas, que está pendente a negociación da RPT laboral e que será a negociación entre sindicatos e xerencia o lugar axeitado para esta discusión. Que o que formula a xerencia é a sistemática de sempre, é dicir, atender necesidades puntuais a peticións de responsables ou directores de área que despois, sen negociación previa, se converten en prazas de RPT, preguntando tamén qué é o que pasa coas distintas Oficinas ou Servizos como as OFOE, a FUVI ou o Centro de Linguas entre outras. Polo que solicitan a retirada destes 3 puntos da orde do día e que se traten na negociación da RPT.

A Xerencia explica que existe actualmente unha necesidade na área de Formación e Innovación Educativa que hai que intentar solucionar a través da vía das convocatorias públicas e non como ata o de agora a través de asistencias técnicas ou contratacións mediante programas de fomento de emprego. Ademais vaise convocar proximamente a reunión da adicional cuarta e novena onde se tratará a situación das oficinas e servizos aos que se referían os representantes sindicais.

### **3. INFORMES XUSTIFICATIVOS DE CONTRATACIÓNS TEMPORAIS FORA DE RPT DO ANO 2011.**

Luis Pérez Gómez dí que os informes se reciben con posterioridade á contratación e considera que nalgúns informes a petición de prazas non está suficientemente xustificada, ademais indica que os informes verbais non teñen valor documental ante unha posible reclamación referíndose ao caso da non substitución do ATSX do campus de Ourense a quen se lle concedeu o traslado ao campus de Pontevedra durante o período da campaña electoral das eleccións municipais do 22 de maio.

María Fariza indica que as peticións veñen derivadas da carencia dunha RPT, que é unha reivindicación de xa hai tempo, polo que solicita que a xerencia e os sindicatos se senten a negociar.

Xoán Cebro volve a indicir que o Regulamento de PAS establece que os informes se levarán previamente á Comisión de Política de Emprego que emitirá un informe non vinculante. Os informes presentados con posterioridade son válidos para unha negociación futura da RPT, pero non vai dar a súa opinión unha vez que xa están feitas as contratacións. Solicita que se envíen todos os informes de contratación recibidos en xerencia, tanto os que conlevaron unha contratación como os que non, ademais pide que se envíen os informes antes das contratacións, non é necesario convocar sempre á Comisión de Política de Emprego, pero si consultar previamente cos Comités e Xunta de Persoal estas peticións.

Santiago Santos manifesta o seu acordo con Xoán Cebro.

#### **4. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ángel Torreiro pregunta se as persoas que se contrataron como Técnicos Superiores de Apoio á Investigación, que rematan o seu contrato actual o vindeiro 31 de xullo, van a continuar ou non.

O Xerente explica que esas prazas están no marco da negociación da RPT laboral e que se tratarán na reunión da adicional 4ª.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13.55 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.